

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 30 DE ABRIL DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se declara loito oficial en Galicia con motivo dos falecementos a causa da pandemia do COVID-19

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo sobre a prolongación excepcional da escolarización nos centros de educación especial do alumnado de 21 anos durante o curso escolar 2020-2021.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Apoio a Personas con Diversidade Intelectual (Aceesca) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Aceesca, polo importe máximo de cento vinte e un mil once euros con oitenta e seis céntimos (121.011,86 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace) para a posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Amencer e ao Centro de Educación Especial Princesa Letizia, polo importe máximo de cento doce mil vinte e dous euros con catro céntimos (112.022,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Amicos, polo importe máximo de cento nove mil novecientos oitenta e un euros (109.981,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace) para



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Aspace, polo importe máximo de oitenta e catro mil douscentos corenta e cinco euros con vinte céntimos (84.245,20 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos Centros de Educación Especial Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e catro mil catrocentos cincuenta e nove euros con cincuenta e dous céntimos (264.459,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial (Aspanaex), polo importe máximo de trinta e tres mil oitocentos once euros con oitenta e oito céntimos (33.811,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Ntra. Sra. de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil trescentos sesenta e catro euros con setenta e catro céntimos (63.364,74 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Autismo Bata para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Bata-Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecentos cincuenta e un euros con corenta e oito céntimos (10.951,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e catro mil novecentos setenta e sete euros con vinte e seis céntimos (24.977,26 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Centro Especial de Empleo sen ánimo de lucro ASCM-Ferrolterra, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado, asociado á entidade, a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cincuenta e un mil novecentos sesenta e catro euros con corenta e dous céntimos (51.964,42 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de trece mil novecentos setenta euros con catro céntimos (13.970,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e I-LAB Centro Especial de Emprego S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de setenta e cinco mil cento vinte euros (75.120,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación BS A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Juan María, polo importe máximo de cincuenta mil douscentos trinta e seis euros con corenta e oito céntimos (50.236,48€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados do COVID-19.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o levantamento da suspensión da tramitación de procedementos administrativos en materia de avaliación ambiental e cambio climático.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia da subministración de materiais considerados imprescindibles, tales como os equipos portátiles, pantallas de PC, teclados, lectores de tarxeta, ratos e adaptadores de rede para os portátiles, equipos de electrónica de comunicacións e servidores, por un importe de cincocentos noventa e un mil oitocentos dezanove euros con dezasete céntimos (591.819,17 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia da subministración de materiais e outros consumibles para a realización de análises de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mostras biolóxicas con potencial infección con COVID-19, por importe de noventa e catro mil catrocentos oitenta e tres euros con trinta e dous céntimos, (94.483,32 €).

- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes, medios de transporte para virus e test rápidos de detección de virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe dun millón cincocentos oitenta e sete mil novecentos corenta e catro euros con sesenta e nove céntimos (1.587.944,69 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta da declaración de emerxencia para a contratación, por Portos de Galicia, das “Obras de reparación das instalacións portuarias do porto de Mera” (A Coruña), por un importe estimado de cento trinta e catro mil cincocentos corenta e oito euros con noventa e sete céntimos (134.548,97 €), IVE excluído.

**O GOBERNO GALEGO RENDE HOMENAXE ÁS VÍTIMAS FALECIDAS POLO
CORONAVIRUS E AS SÚAS FAMILIAS E DECRETA LOITO OFICIAL NA
COMUNIDADE DURANTE TODO O MES DE MAIO**

O Consello da Xunta acordou hoxe render homenaxe ás vítimas falecidas polo coronavirus e as súas familias, para o que decretou loito oficial na Comunidade durante todo o mes de maio. Comezará mañá mesmo e estenderase ata o día 31 de maio.

Finalizado este primeiro momento agudo da crise sanitaria, o Goberno galego considerou que é momento de render homenaxe tanto ás vítimas falecidas polo coronavirus como ás súas familias.

EDUCACIÓN ACORDA PROLONGAR A ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO DE 21 ANOS EN CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL NO CURSO 2020/2021**▪ *Trátase dunha medida excepcional para paliar os efectos da crise do COVID-19***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional propúxolle hoxe ao Consello da Xunta prolongar a escolarización do alumnado de 21 anos en centros de educación especial no curso 2020/2021. Segundo o informe presentado, trátase dunha medida excepcional para paliar os efectos da crise do COVID-19 sobre este colectivo. Neste sentido cómpre salientar a afectación que está a supoñer o Estado de Alarma e a ausencia de actividade lectiva presencial na adquisición de competencias para a vida e na capacitación profesional dos estudantes que, por idade (o límite de permanencia nestes centros son os 21 anos), remata a escolarización en centros de educación especial.

Esta medida afecta aproximadamente a 33 alumnos e alumnas de 14 centros de educación especial públicos dun total de 641 matriculados neste curso 2019-2020.

A decisión tomouse tras a reunión mantida o pasado 14 de abril coas direccións dos centros de educación especial co fin de facer un seguimento sobre o estado deste alumnado e as súas familias durante a situación actual, en especial sobre as dúbidas referidas ao remate do curso escolar e á realización da formación en centros de traballo (FCT) dos programas formativos de FP Básica.

Unha das inquiredanzas trasladadas, por este sector e por outros colectivos, fai referencia ao alumnado que, dada esta situación e as súas circunstancias e necesidades persoais, non pode rematar os estudos que está realizando por ter 21 anos e ter que abandonar o centro. Uns estudos que lles facilitan a adquisición de competencias profesionais e habilidades para a vida, así como o acceso ao mundo laboral.

Diante desta situación, a Consellería decidiu propoñer a prolongación da estadia dos estudantes que teñen agora 21 anos por un curso máis, o vindeiro 2020/2021 nos centros de educación especial, de tal forma que poidan rematar os estudos que están cursando con todas as garantías e prácticas realizadas.

Cabe destacar que o Estado de Alarma e a suspensión das clases presenciais afecta de forma especial a este colectivo, tanto pola limitación que supón no desenvolvemento das súas competencias para a vida (evolutivas, sociais, emocionais e profesionais) como nos desaxustes que esta situación está a provocar con respecto ao remate de curso e, en moitos dos casos ao remate dos seus estudos profesionais. De entre todas as medidas analizadas pola Consellería para paliar esa situación optouse pola prolongación da escolarización, tendo en conta o necesaria que é a presencialidade no proceso de ensinanza e aprendizaxe, así como as dificultades que supón o traballo virtual debido ás limitacións que poden presentar estes estudantes a nivel comunicativo.

EDUCACIÓN RENOVARÁ CONVENIOS CON 13 ENTIDADES PARA FACILITAR O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO A ALUMNADO CON DISCAPACIDADE

- **Investirase máis de 1 millón de euros**
- **Estes acordos súmanse aos xa aprobados para o servizo de comedor**

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a renovar os convenios de colaboración con 13 entidades de atención a persoas con discapacidade para facilitar o vindeiro curso 2020/2021 o servizo de transporte escolar adaptado a 311 alumnas e alumnos. O servizo contará co apoio de 63 auxiliares.

O departamento educativo da Xunta destinará un total de 1.016.115,92 euros, cos que se fai cargo do 80% do gasto derivado da prestación do servizo de transporte. Pola súa banda, as asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Os escolares que reciben este apoio presentan distintos tipos de discapacidade, polas que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoio a Personar con Diversidad Intelectual (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), coa Asociación de Familias de Personar con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), coa Asociación de Padres de Personar con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Personar con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personar con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personar con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Bata (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), coa Asociación Autismo Ourense, coa ASCM-Ferrolterra S.L., con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Emprego S.L., e coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidade ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Neste sentido cómpre lembrar que a Consellería de Educación renovará tamén os convenios con 14 entidades especializadas en atención á discapacidade para a prestación dos servizos de comedor escolar a 478 alumnas e alumnos en centros escolares no curso 2020/21, o que supón un investimento de 203.555,46 euros.

O PLAN DE REACTIVACIÓN DA CULTURA E O TURISMO CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE 27 MILLÓNS DE EUROS E PRETO DE 50 MEDIDAS PARA FOMENTAR O EMPREGO, XERAR LIQUIDEZ E REACTIVAR O CONSUMO

- ***O plan prevé que a convocatoria do Ano Santo funcione como ferramenta de estímulo da actividade e do consumo***
- ***Está consensuado cos sectores cultural e turístico***
- ***O obxectivo é presentar Galicia como un destino seguro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha do Plan de reactivación da cultura e o turismo, cun investimento de 27 millóns de euros e preto de 50 medidas específicas para fomentar o emprego, xerar liquidez e reactivar o consumo.

Co fin de cumprir este triplo obxectivo, a Consellería da Cultura e Turismo elaborou este plan reestruturando o seu orzamento e recompoñendo as partidas para ir mellorando as expectativas dos sectores turístico e cultural e para dar unha resposta rápida a dous sectores que supoñen o 13% do PIB e o 14% do total do emprego na Comunidade Autónoma.

Para actuar cun plan de choque rápido e directo, estableceranse 9 bloques de execución que suporán, á súa vez, un investimento de 11 millóns na actividade turística; e de 10,6 millóns no sector cultural, reforzados, así mesmo, con 5,1 millóns de euros a través de medidas transversais enmarcadas no Xacobeo 2021.

Un novo Xacobeo

Sobre este último punto, cómpre salientar que o plan prevé que a convocatoria do Ano Santo funcione como ferramenta de estímulo da actividade e do consumo para impulsar así ás industrias cultural e turística.

Con este fin, reconfiguraranse os obxectivos do próximo Ano Santo, para darlle prioridade ás iniciativas de impulso económico e de activación do consumo e do emprego.

A maiores, ese novo Xacobeo servirá para a recuperación do turismo con formatos e fórmulas de presentación distintas.

Un destino seguro

Os 4 eixos clave do plan no eido turístico serán a reactivación da demanda e accións de promoción, a creación de novos produtos turísticos, o apoio ao tecido empresarial e mantemento do emprego, así como a formación, competitividade e innovación.

O obxectivo é presentar a Galicia como un destino seguro. Deste xeito, apoiaranse medidas hixiénico-sanitarias para os establecementos turísticos; reformularase a estratexia de promoción de destino adaptada a este novo contexto sanitario; promoverase un programa de consultoría e asesoramento para as empresas turísticas, así como un programa de “Queda en Galicia” para o turismo interno.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No eido cultural, as actuacións centraranse noutros 4 eixos, como son a activación do sector, o mantemento do emprego, o fomento do consumo e a aposta pola formación, a profesionalización e a mellora da competitividade.

Este plan está consensuado cos sectores cultural e turístico. O Goberno galego mantivo máis de 65 reunións e contactos do sector e recibiu preto de 170 propostas, o 71% das cales figuran no plan aprobado hoxe.





A XUNTA REACTIVA A TRAMITACIÓN DE CASE MIL PROCEDIMENTOS EN MATERIA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL POLO SEU INTERESE PÚBLICO

- ***A medida, proposta pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pretende contribuír á recuperación progresiva da actividade económica e a mitigar o impacto da crise do coronavirus***
- ***Coa declaración do estado de alarma quedaron en suspenso con carácter xeral os termos e os prazos dos trámites administrativos das entidades do sector público, pero se permite a continuación motivada de certos procedementos indispensables para protexer o interese xeral ou o funcionamento básico dos servizos***
- ***A reactivación beneficiará a expedientes de outorgamento ou revisión de autorizacións ambientais integradas, diferentes trámites de avaliación ambiental, autorizacións e verificacións en materia de comercio de dereitos de emisión e procedementos de xestión de residuos, pola súa condición de servizo esencial***
- ***O Goberno galego prevé que o levantamento da suspensión nestes casos terá unha gran repercusión económica pola importancia dalgúns dos proxectos, como os relacionados co sector dos eólicos***

A Xunta de Galicia procederá a reactivar a tramitación administrativa de toda unha serie de procedementos en materia de avaliación ambiental que se viron afectados pola declaración do estado de alarma derivada do COVID-19. Os expedientes declarados esenciais e que, por tanto, se verán beneficiados son un total de 975, que teñen en común o seu marcado interese público.

A medida recibiu esta mañá o visto bo do Consello da Xunta, que coñeceu un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no que se xustifica a necesidade de continuar coa tramitación destes expedientes co fin de evitar que a súa paralización supoña unha traba adicional nun momento en que o tecido económico e industrial galego se enfrenta a unha difícil situación e certas actividades se teñen visto obrigadas a parar temporalmente.

O Goberno galego agarda contribuír con esta decisión á reactivación progresiva da actividade económica, facilitando proactivamente a súa recuperación co fin de mitigar o impacto social e económico da crise sanitaria e, polo tanto, distorsionar o mínimo posible a economía.

De feito, agárdase que o levantamento expreso da suspensión que pesaba sobre estes expedientes teña unha gran repercusión económica, posto que, a modo de exemplo, tan só os proxectos eólicos que se están tramitando nestes momentos supoñen un investimento de máis de 1.300 millóns de euros para a comunidade.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que foi declarado o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 regula con carácter xeral a suspensión dos termos e dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Sen embargo, tamén prevé que as administracións poidan acordar, de forma motivada, a continuación daqueles trámites que, entre outros supostos, sexan

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Por esta razón, o Centro de Coordinación Operativa (Cecop) acordou propoñer na súa reunión do pasado 14 de abril que os distintos departamentos da Xunta reactiven na medida do posible a tramitación de expedientes administrativos, emisión de informes e concesión de permisos e licenzas como medio necesario para a recuperación progresiva da actividade económica.

O Goberno galego é consciente de que moitas actividades produtivas precisan para poder comezar e mesmo continuar co seu desempeño da tramitación de diferentes procedementos, polo que cómpre valorar a continuación destes trámites para poder realizar certas actividades económicas, evitando que sigan paralizados aqueles dos que pode depender a súa continuidade.

Partindo desa premisa, a Consellería de Medio Ambiente xa propuxo ao Consello a semana pasada continuar determinados procedementos administrativos en materia de urbanismo e ordenación do territorio ao consideralos esenciais. Co acordo adoptado esta mañá, agora poderá levantarse tamén a suspensión administrativa que pesaba sobre preto de mil expedientes de diferente índole pero todos eles de interese público que está a tramitar a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Tipos de procedementos

A reactivación da tramitación administrativa en materia ambiental beneficiará, concretamente, a expedientes de outorgamento ou revisión de autorizacións ambientais integradas, a diferentes trámites de avaliación ambiental, a autorizacións e verificacións en materia de comercio de dereitos de emisión e a procedementos de xestión de residuos, pola súa condición de servizo esencial.

Así, en materia de medio ambiente industrial, poderáselle dar continuación aos trámites conducentes ao outorgamento ou revisión das autorizacións ambientais integradas de aproximadamente 200 expedientes. En canto aos trámites de avaliación ambiental, desbloquéanse preto de 150 xa que o seu carácter instrumental e previo ao outorgamento de autorizacións substantivas ou á aprobación de plans e programas, esixe evitar que unha paralización indiscriminada dos seus trámites coarte a actividade doutras instancias administrativas, o que tería unha afección especial no caso do sector eólico.

Por outra banda, no ámbito do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro reactiváronse unha trintena de expedientes en trámite relativos á actividade desenvolvida polas industrias sometidas a este réxime no pasado exercicio 2019 como de cara ao presente ano e sucesivos.

Por último, en canto á xestión de residuos, a súa evidente consideración como servizo esencial esixe manter os medios de intervención administrativa destinados a controlar o cumprimento da normativa aplicable, máxime tendo en conta as medidas previstas na orde ministerial do 19 de marzo pola que se establecen instrucións sobre xestión de residuos na



actual situación de crise sanitaria. Grazas ao acordo adoptado hoxe, case 600 expedientes relacionados coa xestión de residuos retomarán a súa tramitación.

Traballo desenvolvido pola DXCACC

Durante o estado de alarma, en todo caso, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático continuou a tramitar con normalidade outros procedementos e a darlle saída a todo o traballo administrativo que non se viu afectado polas implicacións do Real Decreto do 14 de marzo. Así, en total resolvéronse preto de 1.500 actos de trámite coincidindo con este período.



SANIDADE DESTINA PRETO DE 600.000 EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS ELECTRÓNICOS E INFORMÁTICOS PARA FACER FRONTE Á PANDEMIA DO COVID-19

- ***Esta compra inclúe materiais considerados imprescindibles tales como portátiles, lectores de tarxetas, pantallas de PC, ratos, equipos de electrónica de comunicacións e servidores entre outros***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén aprobar, polo trámite de emerxencia, a contratación dun subministro de materiais considerados imprescindibles, tales como os equipos portátiles, pantallas de PC, teclados, lectores de tarxeta, ratos e adaptadores de rede para os portátiles, equipos de electrónica de comunicacións e servidores. O importe destinado a esta adquisición é de 591.819 euros.

Para isto vanse mercar 500 ordenadores portátiles por un importe total de 445.224 euros; 300 pantallas de para ordenador por un valor de 55.599 euros; 300 teclados con lector chip aos que se destinan 9.366 euros; 300 soportes para CPU-pantalla por un importe de 6.486 euros e 500 lectores *smart card* por un importe total de 7.735 euros. Tamén están incluídos nesta compra ratos e adaptadores USB cun presuposto de máis de 2.000 euros.

Ademais deste material, está prevista a adquisición de seis equipos de electrónica de comunicacións, por un importe total de 28.731 euros, e catro servidores por un valor de 36.601 euros.

O obxecto desta adquisición é o subministro de materiais para que os profesionais clínicos do Servizo Galego de Saúde poidan traballar na casa, así como proporcionar infraestruturas TIC á reorganización ou ampliación de espazos que se está producindo nos propios centros sanitarios.

SANIDADE INVISTE MÁIS DE 94.000 EUROS NA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES DE MOSTRAS BIOLÓXICAS CON POTENCIAL INFECCIÓN CON COVID-19

- ***Este material está destinado á realización de probas de COVID-19 no Laboratorio de Sanidade Animal e Producción Animal (Lasapaga) en Lugo***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén aprobar, polo trámite de emerxencia, da subministración de materiais e outros consumibles para a realización de análises de mostras biolóxicas con potencial infección con coronavirus COVID-19. O importe destinado a esta adquisición é de 94.483 euros.

Estes materiais son necesarios para a colaboración do Laboratorio Sanidade Animal e Producción Animal (Lasapaga) da Consellería de Medio Rural nas actividades de diagnósticos do COVID-19. O pasado 25 de marzo as Consellerías de Sanidade e Medio Rural subscribiron un acordo de colaboración polo que Lasapaga podía asumir distintas fases do proceso de detección do COVID-19 mediante a técnica “Reacción en Cadea da Polimerasa” (PCR). Estas fases poderían ser a recepción e preparación da mostra, a extracción de ácidos nucleicos (extracción do ADN do virus da mostra) ou a fase de amplificación (agrandamento do ADN de cara a súa detección).

Entre o material adquirido hai todo o necesario para 2.768 extraccións e 4.000 ampliacións por un importe total de 71.862 euros, material funxible para extraccións por valor de 12.303 euros, ademais doutros produtos como puntas de pipetas estériles, bolsas de esterilización e follas de acetato para placas entre outros.



SANIDADE INVISTE OUTROS PRETO DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS PARA MERCAR MATERIAIS FRONTE AO COVID-19 DESTINADOS A PROFESIONAIS E DOENTES ASÍ COMO TEST DE DETECCIÓN DO VIRUS

O Consello da Xunta vén de aprobar a contratación, polo trámite de emerxencia, de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes; medios de transporte para virus e test de detección de virus; para facer fronte á pandemia do COVID-19, por un importe de 1.587.944 euros.

Este expediente é a sexta compra de materiais considerados imprescindibles, tales como os equipos de protección individual (máscaras respiratorias, luvas, batas de alta protección, calzas e gorros), solucións desinfectantes, máscaras cirúrxicas, medios de transporte do virus e test para detección do virus; logo das compras de semanas anteriores por importes de 2,9 millóns, 3,4 millóns; 8,2 millóns; 5,1 millóns; e 6,7 millóns de euros.

En concreto, mércanse 3.200.000 unidades de batas protectoras dun so uso de distintos tipos; 242.400 unidades de máscaras cirúrxicas; 640 garrafas de 5 litros de solución desinfectante superficies; 341.400 pares de luvas exame de distintos tipos; 2.500 unidades de medios de transporte para virus; 103.100 unidades de test de detección do virus; 300.000 unidades de calzas dun so uso; 200.000 unidades de gorros dun so uso, ademais doutro material por importe de 2.790 euros.

Sanidade subliña que os protocolos de actuación para a protección dos profesionais nesta crise sanitaria establecen a necesidade de que estes, para determinadas intervencións, usen equipos de protección individual, tales como batas de alta protección, calzas e gorros dun so uso e luvas de exame, xunto con solución hidroalcolica desinfectante de superficies e máscaras cirúrxicas para os pacientes con probable ou patoloxía confirmada.

Ademais, cos test para detección do virus poderase mellorar o cribado na poboación e limitar os ensaios de PCR a aqueles pacientes que, con sintomatoloxía, dean un resultado negativo mediante os test rápidos.



A OBRA DE REPARACIÓN DO PEIRAO DE MERA ENTRA NA FASE FINAL DE EXECUCIÓN

- ***Portos de Galicia prevé rematar nos vindeiros días os traballos para o arranxo dos danos causados polos temporais de finais do ano pasado nesta infraestrutura do concello de Oleiros***

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, atópase na fase final de execución da obra de reparación do peirao de Mera, no concello coruñés de Oleiros, unha actuación que foi declarada de emerxencia no seu momento como consecuencia dos danos causados polos temporais de finais do ano pasado nesta infraestrutura portuaria e que está previsto que remate nos vindeiros días.

Os traballos, que contan cun investimento de 160.000 euros, teñen como obxectivo arranxar as importantes deficiencias provocadas polos temporais dos últimos meses de 2019 e que produciran danos como grandes ocos no pavimento da rampla, descalces ao longo dos muros do dique e no pé da rampla, perdas de elementos nos peiraos así como fendas e perda de apoio das bases dos postes de iluminación. Para minimizar o risco para os usuarios do porto e repoñer a súa operatividade, Portos de Galicia procedeu á tramitación da reparación por vía de emerxencia.

O informe sobre esta actuación que analizou hoxe o Consello da Xunta recolle que as intervencións nesta infraestrutura inclúen o levantamento e recheo con pedraplén e recolocación de pavimento con base de formigón na zona na que se produciu un grande oco na rampla, nunha superficie de 350 metros cadrados, a instalación de recalces no apoio do muro do dique de abrigo en diversos tramos con formigón somerxido, previa limpeza e saneo, así como a colocación dunha escolleira de 1.000 quilos no primeiro tramo de 25 metros.

A obra tamén inclúe a reparación dos paramentos dos muros e da rampla e a reconstrución do pé da rampla con formigón. O prazo de execución das obras estipulouse en tres meses e os traballos atópanse xa na súa fase final de execución, polo que a súa finalización está prevista nos vindeiros días.